

UNHA VIAJE DE INVERNO

RELATO

10/01/2013

XAIME TOXO

Son profesora de matemáticas nun instituto do centro de Compostela, cidade na que vivo. Son unha traballadora responsable e esixente. As miñas afeccións son a lectura e as andainas por sendeiros nas fragas. Desenvolvo unha curiosidade incorrrible por múltiples materias, e necesito sentirme ocupada e informada, desde o cine a xardinería. A natureza, se é posible nun estado non alterado, sen adornos, é onde me atopo mellor; e procuro non perder nunca un solpor desde a solaina da miña casa. Sento nunha butaca que temos fóra e deixo que me leve o devalar do mundo. A morada, un chalé nunha urbanización, foi un agasallo dos meus sogros, os pais de Carlos, cando casamos. Carlos e mais eu coñecemos desde meniños, as nosas familias xa eran amigas antes de nacer nós. Ter fillas supuxo a chegada de ocupacións nas que intento non perder demasiado tempo, como ver a televisión con elas ou ordenar os xogos que enchen os seus armarios. As veces as nenas reclaman máis a miña presenza, eu intento zafar e que sexa Carlos o que enrede cos xoguetes, os cubos e as fichas no taboleiro. Carlos é desa especie de homes que consideran a paternidade unha beizón e, grazas a iso, nunca lle oín unha queixa por pasar coas nenas máis tempo do necesario no seu cuarto. Eu prefiro que me acompañen cando paseo polo monte e nas excursións.

Con Carlos manteño unha boa relación, os dous somos moi independentes; de feito, non recordo ningunha lea importante con el, iso non quere dicir que non teñamos desgustos; mais, cando pasamos por unha situación de tensión eu prefiro pecharme, illarme no meu cuarto, mesmo instalarme uns días na casa dalgún amigo, e agardar que nos pase o enfado.

A miña cidade preferida é Roma. Alí fixen o curso de doutoramento, e cando regresei, pasara máis dun ano da miña partida, Carlos e máis eu retomamos unha relación que esmorecera por mor da distancia, e pouco tempo despois casamos. Carlos traballa de avogado nunha xestoría que herdou do seu pai e temos dúas fillas, Berta e Luísa, de oito e cinco anos de idade. Cando parín a Luísa, sufrín unha depresión post-parto. A vida converteuse nunha sombra que tiña existencia propia e decidía por ela mesma, sen que eu fose capaz de domeala. Non me recoñezo nos recordos dese tempo apagado. Pelexei moi duro contra o brión da enfermidade, que me cubriu e amoleceu ata converterme nunha mala copia de min mesma. Logo de curar regresei axiña ao meu traballo, estaba degoirando volver.

Aí, neses meses, ao pouco de comezar a traballar, foi cando sentín por primeira vez a necesidade de desaparecer, de irme, de iniciar unha viaxe sen final e sen retorno. Culpei deses pensamentos a algún refugallo que permanecese activo da enfermidade e convencínme de ser unha muller feliz, con moitos anos de docente, pulando sempre cara adiante nun traballo que me resulta satisfactorio.

A miña mellor amiga é Carme, profesora de inglés. Para min, que son de poucas amizades íntimas, Carme foi unha descuberta serodia. Presentounos Xaime, un amigo de Carlos que estivera uns anos traballando en África e ultimamente residira nos Estados Unidos. Cando Carlos soubo do seu regreso a Vigo argallou unha cea no xardín da nosa casa para celebrar a súa volta. Avisou uns cantos vellos compañeiros da época da Universidade e sumoulle algúns amigos e coñecidos recentes. Carme chegou emparellada con Xaime e foi el quen ma presentou. A primeira xeira desa noite eu ocupeina atendendo aos convidados e preocupada que todo estivese no seu

sitio, logo, cando albisquei que a maioría amosaba o natural contento da festa, da xuntanza mesturada coa bebedela, despreocupeime e boteime a descansar.

Carme veu onda min a facerme compañía. Non me atrevín a preguntarlle se Xaime e mais ela formaban unha parella estable, duradeira; mais aclaroumo cando empezamos a falar das nosas vidas. Supoño que esa intimidade, que avanzaba a medida que a conversa collía rumbos de segredos e confidencias, alicerzouse nun consumo considerable de copas. Contoume que fora moza de Xaime había anos, antes de marchar este ao estranxeiro. Nada serio, confioume, unha enleada tópica daqueles anos. Vivían cada un na casa de seu e mantiñan unha amizade de bares, saídas, cigarros de herba e encamadas ocasionais; sen compromisos de parella, nin esixencias de fidelidade. Os dous residían daquela en Vigo, e estaban inaugurando os seus primeiros traballos despois de rematar a carreira. Carme conseguira unha substitución de profesora no instituto de Cangas e Xaime mal sobrevivía a conta dunhas traducións que lle encargaban unhas empresas navais e pesqueiras. Un traballo moi mal pagado pero que lle permitía acompañar a algúns armadores da contorna a países do sur de África. Dunha destas viaxes non regresou. Decidiu instalarse alí, en Cape Town, contratado nunha empresa India de exportación que lle pagaba moito máis cás compañías que o empregaban en Vigo, aclaroume Carme servíndose outro ron con coca.

- Cape Town era unha cidade que ficaba o suficientemente arredada como para liquidar calquera relación, canto máis a nosa que non ía máis alá de ser unha tenra amizade cun verniz sexual - insistía.

Seguiron en contacto por correo, algunha chamada de cando en vez. Logo a súa vida colleu corredores sentimentais independentes e isto provocou "un encefalograma plano de chamadas e correos, o que significaba cero noticias", dito coas verbas de Carmen. Iso si, ciscadas no tempo, a Carme chegábanlle algunhas postais de estancias en cidades africanas ou asiáticas. E agora, cando aconteceran un quiñón de cousas e pasara unha morea de anos, ao regresar dos EEUU para ficar, Xaime decidira facerse visible de novo na súa vida. Chamouna ás dúas semanas de acomodarse e propúxolle saír un día xuntos e poñerse ao tanto do que levaba sucedendo nas súas vidas estes derradeiros anos. Carme seguía a vivir en Vigo, agora daba clases nun instituto do centro da cidade e tiña solicitada unha praza en Compostela. Xaime apareceu a recollela un sábado a media mañá.

- A ver, a ver – díxolle Carme cando abriu a porta- déixame que te examine ben. Foder!, que ben te conservas, castrón – exclamou-. Mantés o bandullo a raia, como unha táboa, canas ningunha, engurras as imprescindibles para ser aínda máis interesante. Que ben estás, Xaimiño –concluí-, debiches facer un pacto co demo. Só me tes que asegurar que o tolete sigue igual de engraxado que nos vellos tempos e eu tería que admitir que estás feito un autentico campión. Mesmo te atopo máis guapo.

Xaime riu e aseguroulle que ela estaba tamén coma sempre, que non pasaran os anos por ningún dos dous. Carme agradeceulle a trola igual que se fose verdade botándolle os brazos ao pescozo e enchéndolle de bicos toda a cara. Mais só había que detectar a incredulidade nos ollos de Xaime para decatarse da súa sorpresa. Porque Carme, que alimentara un cancro

que a mirrara, estaba fraca coma un garabullo, case sen pelo e os ollos rodeados dun permanente círculo ennegrecido, que era o motivo do alcuño con que era coñecida entre os alumnos: a antifaz. "Mira ti, así é da maneira que me coñecen os meus rapaces do instituto". Explicoulle Carme subindo no coche.

Co cancro Carme retomara o consumo de cigarros de herba e Xaime, naquela recuperada atmosfera de había anos, planeou saír fóra da cidade e que ela exercese de cicerone; así foi como se encamiñaron a dar un paseo pola costa. Os días a seguir seguiuna chamando para repetir aquelas excursións polos arredores, rutas que case sempre os levaban ás praias do Morrazo; e que remataban, antes de regresar a Vigo, sentados nalgunha das mesas que tiña o bar Stop enriba dunha beirarrúa estreita e ruidosa. Alí, xa anoitecera na ría de Aldán, un teimudo e lixeiramente señoardoso Xaime, pediulle que o acompañase a unha cea con amigos en Compostela. Estábana organizando Carlos, un vello colega dos tempos universitarios, para celebrar non sei cantos anos de algo, e tamén o seu regreso.

- E aquí estou, facéndome amiga túa e contándoches enguedelladas da miña vida. Mira ti, había unha chea de tempo que non falaba tanto de min.

Eu xa non perdín o vencello con Carme. Causoume unha impresión tan fonda de muller enérxica e tenra que aquela semana chameina todos os días para conversar sen parar. Pasabamos horas co teléfono na man. Mobilicei a todos os coñecidos, para que puxeran en marcha a súas influencias, quería intentar que lle facilitasen o traslado a Compostela canto antes. E non só o conseguimos, senón que argallamos que lle desen praza

no mesmo instituto no que traballo eu. Carme pechou o piso de Vigo colocando un cartel nas xanelas: VÉNDESE.

A operación de venda do piso firmouse catro meses despois e Carme decidiu celebralo preparando unha troula que se había de converter en lenda. Quería montar unha ambientación semellante á dos casinos de A Habana nos anos cincuenta e para facelo alugou unha sala de festas e un equipo de decoradores. Contratou música en vivo e dous "discotequeros" dominicanos; mercou ron do Caribe, puros dun arrecendo exquisito, negociou unha brava e entolecida herba de Xamaica, e comida suficiente para sobrevivir a un holocausto. A nosa posta de longo, de escena, o noso "glamour" de traxes axustados, escotes de tentacións imposibles e tacóns de agulla vertixinosos non ía deixar indiferente a ninguén. Raíñas nunha corte de cartón pedra, rodeadas de amigos, a orde da comandante en xefe, Carme, era organizar unha xoldra rachada cunha única consigna: diversión ou morte. A orquestra e os pinchas, en canto comezamos a levantarnos para servir as copas que inauguraban o baile, atacaron melodiosos, mais sabendo onde fervían os sentimentos, coa Fania All Star e a Orquestra Matancera; a seguir, obrigáronos a fretarnos con María Montez e Caetano Veloso; salsas, "vallenatos", sons arrebatados e enfebrecidos deron paso a unha rabuda sesión de "ska" cos Specials. Era imposible non bailar aquilo, non namorarse naquela noite máxica. Pasaban as horas e seguíamos amarrados polos gonzos do regue de Bob Marley, os poderosos temas de Neil Young e unha chuvia acaramelada de melodías de Sinatra. Pasadas unhas cantas horas de xiros, amarrados, chimpos, reviravoltas, apertas e bicos as pernas deixaron de farrularme, necesitaba un acougo, así que decidín sentarme a carón de Xaime a saborear un zume de tomate cun

xurro de ron branco con moito xeo. "Por favor, Xaime, mesturado, non axitado", soliciteille poñendo ollos de muller fatal e iniciando un enredante xogo de sedución.

Estaba tan guapo como eu borracha, semellaba un artista de película. Recordábame, co seu chaqué branco de aluguer, a Robert Redford no Gran Gatsby. Díxenllelo, e confeseille a miña rendida admiración de seareira entregada; eternamente súa, dramaticiei, e biqueino. Apertoume e advertiume que estaba preparando todo para marcharse. Sorprendida, laieime que non podía irse, que a festa aínda estaba empezando. Riu, colleu a miñas as mans e dixo que non, que da festa non liscaba, polo momento, que non era iso. O que me quería dicir era que nuns días iniciaría unha viaxe sen límites de tempo e de territorio. Non llo crin, e pedinlle que mo explicara.

- Non hai nada que explicar - retrucoume-, é moi sinxelo, voume, desaparezo.
- Boh - respondinlle-, o alcohol faiche dicir esas algueiradas. Veña, imos bailar.

Mais non eran trapalladas debido ao moito que bebiamos nestas celebracións. Carme confirmoume uns días despois. E case sen tempo a que nos explicase a onde ía, cal era o seu destino e ruta, que tiña pensado facer, xa organizara o plan para marchar.

O día que o acompañamos ao aeroporto a puntualidade do seu voo, con destino a Tokío con escala en Hamburgo, encanouse con choromiqueiros bicos de despedida, todo aconteceu sorprendentemente rápido. E a evidencia de que Xaime xa non estaba provocou en min a caída vertical do meu ánimo no mar escuro dun estómago revoltado. Cando volvíamos do

aeroporto pedílle a Carme que abeirase o coche á cuneta e golsei os alimentos que engordaban os meus medos. Regresamos devagar ás nosas vidas sen Xaime. Axeitámonos ás rutinas invernaís dos catarros, dos paseos, das novelas e das clases. Ao café das once da mañá, durante o recreo dos alumnos, no bar que hai na beirarrúa enfronte do noso edificio. Sempre sentamos na mesma mesa, todos os días do curso, e a camareira, Iris, sírvenos sen preguntar, porque nunca mudamos de pedido.

Unha mañá, meses despois da partida de Xaime, díxenlle a Carme e as outras compañeiras que nos acompañaban que foran elas tomar o café, que eu tiña que ir facer un recado. Carme espreitoume asexante. “Non pasa nada, teño que mercar un agasallo”. Non lle mentín, era un regalo para min. Mirara aquela cámara de vídeo había uns días, antes soñara coas filmacións que ía facer con ela como unha parte máis da viaxe. Porque a viaxe estaba decidida desde había meses, desde que Xaime, ao irse, pechara calquera posibilidade de xustificar unha permanencia que xa non tiña ningún sentido. Coido que, inconscientemente agachada, a viaxe estaba decidida había anos. Deixei a cámara pagada na tenda e comenteille ao dependente que iría máis tarde a recollela. Regresei ao instituto e fun directa a miña clase. Carme pasou nun descanso a preguntarme se estaba ben.

- Por que mo preguntas? Nunca estiven mellor -, esaxerei.
- Non sei, é unha sensación a que teño de que me ocultas algo.

Cando rematei a xornada fun recoller a cámara e tamén as nenas ao colexio. Avisei a Clara, a canguro que coida das meniñas cando nós saímos, para que viñese durmir esa noite con elas. Como desculpa, nunca a chamaba entre semana, inventei unha trola, díxenlle que pensaba ir á

última sesión de cine no centro comercial. Era unha parvada, admitín, mentirlle a Clara; non tiña que darlle explicacións das miñas decisións. Carlos os martes regresa tarde do despacho, case sempre estamos todas deitadas, así que tiña tempo por diante. Fixen a equipaxe con coidado, gardando na maleta o imprescindible, logo sentei a escribir. Non sei se acerto plenamente ao dicir que a síntese da misiva, que levaba anos escribindo na miña cabeza, era que me perdoasen por desaparecer, mais necesitaba tempo para comezar soa unha nova vida. Irme, escribíalles, é iniciar unha procura que doutro xeito sería imposible. Que desculpa tan baleira, teimeei cando a mirei redactada no papel, pero non podía ser máis sincera. Funme despedir das nenas, deilles un bico e paseilles unha man polo pelo. Treméronme os dedos ao acariñalas e saín do cuarto decidida a chamalas en canto pasasen uns días. Carguei coa bolsa, pechei a porta, entrei no coche e xirei a chave de contacto. Arrinqueei e puxen en marcha o vehículo esculcando polo retrovisor encollerse paseniño a que ata entón fora a miña casa. Axiña toda a urbanización ficou enmarcada no espello do coche coma se fose un cromo da colección do meu infantil álbum de aniversario; unha parte do meu pasado esfarelándose detrás miña.

Nas ficcións que durante tempo argallei daquela viaxe, eu conducía toda a noite escoitando un disco de Carlos con cancións de Billy Holiday e George Moustaki deica chegar a unha praia. Alí, amañecendo, filmaba deitada na area durante horas e horas a miña voz e a monotonía dun ceo azul atravesado de cando en vez por algún paxaro. Na viaxe real recorrín durante días, escoitando a Zappa, Tom Waits e Dylan, unha autoestrada pola que conducía abandonada da calquera preocupación por ter un destino; non me angustiaba onde acabaría ou a onde me ía levar aquel non

parar. Tampouco sentía a necesidade de querer saber nada. Non mercaba xornais, non miraba televisión, nin falaba con ninguén mais alá de breves diálogos para solucionar a comida e o aloxamento. Durmía e alimentábame nas áreas de servizo. Abandonei a autoestrada unha mañá, despois de descansar nun deses hotéis abertos as vinte e catro horas do día, nun desvío a pouco de comezar a conducir. Decidino porque algún día tiña que rematar aquela peregrinase e porque me gustou o nome dun dos lugares que indicaban os rótulos de saída da estrada. Continuei conducindo por estradas cada vez máis solitarias, estreitas, rebentadas de buracos, ata chegar a un lugar de trinta casas pintadas de cores murcias. Acabei alí por azar, nin sequera era o lugar do nome que lera no sinal e que tanto me gustara. Nunha das casas vivían un rapaz e un home alto de corpo enxoiro, que movía as mans ao falar coma se fosen anduriñas voando ao seu redor. Aquel home tiña un abundante pelo branco e revoltado que me recordou a unha nube. O neno tería a idade da miña filla máis vella. Fíxenme amiga deles cando lles preguntei quen me podería alugar un cuarto naquel lugar. O home de pelo de nube, un profesor xubilado dun país centro europeo, invitoume a ocupar un dormitorio de hóspede na casa que eles habitaban.

– Unha antiga construción mariñeira restaurada – explicoume-. Fixemos un salón enorme onde antes había un atador de aparellos e temos varios cuartos baleiros. Podes ocupar o que queiras.

A cociña estaba no fondo e a dereita atopábase un cuarto de baño cunha xanela que miraba a un muro levantado con cachotes. No sobrado había varios cuartos para durmir e dous baños. O meu, o que escollín, estaba pegado ao do neno, Laiam, ao final do corredor. Hansem, o home que tiña unha moureira de pelo branco, falaba comigo, case sen coñecerme, de

persoas íntimas que transitaran pola súa vida, do destino dalgunhas delas, de símbolos que atopara nos penedos das praias, que non estaban lonxe das casas, e de libros, máis que nada de libros. As paredes do salón e dos cuartos estaban cubertas por estantes atuídos de libros, desde o chan deica o teito. Pola noite insistía en lernos en voz alta ao neno e mais a min, e acabei por acostumarme a descifrar os labirintos das ficcións na súa voz de mestre de escola. Aquel home arrolábase para durmir escoitando fados.

No tempo dos temporais, que a veces duraban semanas e azoutaban a aldea con cairos racheados e ventos esgazados, el pasaba as horas escribindo relatos sobre cidades e cronoloxías de acontecementos pasados nuns cadernos de tapas negras. Cando eu asexaba por riba do seu ombro albiscaba debuxos detallados de rúas con casas diminutas, moi ben perfiladas. Axiña comezou a debuxarme. Unha das frases que repetía decote era que o que non vemos coa imaxinación non existe. No tempo que pasei vivindo con eles na casa de Bordeira, arredor de cinco anos, acollemos a varios viaxeiros que aparecían polo aldea e dos que nos faciamos amigos. Con algún dos que viñan sen acompañantes deiteime, sabendo que con ningún ía estar máis tempo do que pairaran pola casa. Os invernos eran eternos, dunha chuvia interminable, con temporais e ballóns racheados que viñan cargados dunha humidade que esmigallaba as follas dos libros. A seguir, agromaban uns veráns cunha calor de deserto, que aproveitabamos para encher o eirado con tendais nos que pendurabamos os libros abertos a delourar para que os lese o vento. Nunca ía moito frío, mais nas noites de inverno as sabas das camas semellaban refén lavadas, e un barolo que pingaba nas mans convivía con nós durante varios meses do ano. A luz do verán, porén, era transparente e dunha forza esmagadora.

Cando a primavera entraba na aldea revivíamos e marchabamos á praia a correr espidos e a nadar no mesmo mar que cada estación nos parecía distinto.

Hansem, o home que chegou a adorarme, coñecía a historia das cidades e indicoume cal era a que estaba esperando por min un día que me albiscou colocando un cachote que se desprendera do muro que pechaba o quinteiro. Avisoume que o meu tempo de permanecer con eles estíbese acabando, debía chegar ao seu fin, non podía retrasar moito máis a miña partida. El xa non se había de mover de Bordeira, mais se eu quedaba, cando lle tocase marchar ao neno, sería tarde para todos. O abrente que os abandonei, segundo el mo pedira: "por favor, vaite sen avisar", non me despedín. Gardei na maleta a miña equipaxe, xa completamente distinta da que cinco anos antes preparara ao saír da miña casa en Compostela. Deixei a Laiam a cámara de vídeo de agasallo enriba da mesa na que eu traballaba e desaparecín no meu coche pola estrada rebentada de buracos pola chegada había cinco anos. Vivín algún tempo na cidade que el me aconsellou: Berlín. Escribinlles e envieilles algúns cadernos novos, roupa de abrigo e láminas e fotos para que as colocasen nas paredes, entre os libros. Preguntáballe se medraban as camelias que eu plantara e se o neno xa aprendera a ler ben. Nunca contestou ás miñas misivas, pero tampouco viñeron de volta os xerseis de lá e os tabardos forrados que lles mandei. Decateime que chegara a esquecelos cando, xa pasara máis dun ano da miña estadía berlinesa, paseando unha primavera por un mercado de trastos esculquei a un vello camiñando cun neno da man. Case boto a correr para acadalos, porque tiña unha mouta de abundante pelo branco

revolto e levaba posto un gabán de coiro cun forro de pana, pintadiño aos que eu lles comprara.

– Hansem!, Hansem!... - berrei.

Ao virar aquel home a cabeza de nube de outono fíxose evidente o meu erro e a miña confusión. Pedinlle perdón e recuei dun vello que en polaco me preguntaba se desexaba algo. Camiñei tremendo cara a estación do metro para abandonar o mercado, asustada pola anestesia do esquecemento. Cargaba cunha conciencia acesa de culpa, porque había meses que non necesitaba pensar neles. A vida, arremetín contra o espello da entrada ao chegar a miña casa, é un maldito sobrevivir ás lembranzas. Durante días sentín unha ansiedade que me afogaba, pasaba as noites esperta e o medo de estar nos prólogos doutra depresión mantíñame nunha dolorosa e inqueda vixía. Non saía do piso e todo o que durou ese tempo paseino vivindo soa. Ata que o sufrimento foi esmorecendo e lentamente fun recuperando as forzas que necesitaba para saír á rúa, para pasear e atopar a alguén. Necesitaba que me secuestrasen e arrastrasen a un paraíso brillante que ulise a corpo refén espido.

En Berlín parei máis de tres anos. Aínda que sabía que non ía haber resposta mandeilles unha carta a Hansem e a Liam contándolles que abandonaba a cidade, e que xa lles mandaríaa novas miñas. Coñecín outras cidades e outros homes. Varios impresionáronme pola súa bondade e intelixencia. Algunhas veces, cando iso que chamamos amor traspasaba as lindes difusas do cotiá, adelgazaba ata facerme transparente, e se meu amante casual me preguntába se estaba enferma, eu respondía que si, que enferma de independencia. No que duraron estes anos volví exercer de profesora, pero tamén fun tradutora, fotógrafa, xardineira e cociñeira nun

restaurante preto do Louvre. Cheguei a mercar un apartamento en París, que vendín para facerme cunha barcaza fondeada nun canal en Amsterdam. Só unha vez contactei con Berlín para saber se había algún aviso no meu apartado de correos, a resposta, como supoñía, foi negativa. Con Rudi de Oslo, un escritor de libros de viaxe, probei a experiencia dunha comuna nos Andes. Vendín a casa barco e percorremos o territorio americano desde a Patagonia deica Ayacucho. Construimos pendellos e ata fixemos unha ponte sobre un cavorco que unía unha selva con ela mesma. Despedinme de Rudi en Brasilia e acabei soa nunha praia de Costa Rica, atendendo por quendas a recepción dun hotel para americanos xubilados de Chicago e Nova York.

Pasados uns meses recibín unha chamada de Rudi avisándome que medio servizo de correos europeo andaba detrás miña para entregarme unha caixa que seguía a miña pista desde unha aldea perdida no sur de Portugal.

– Semella, polo que me dixeron -, advertiame Rudi – que o envío, o caixón, ten tantos enderezos postais adheridos ao seu envoltorio orixinal que este case non se distingue. De Portugal viaxou a Berlín, de alí a París e Amsterdam, sempre detrás dos enderezos que deixaches nas oficinas de correos para te enviar os avisos.

O vello Hansem dá sinais de vida, coidei de inmediato. Pregunteille a Rudi de onde recibira a chamada e respondeume que da oficina central de correos de Lima, a cidade onde recibiamos as notificacións postais. Púxenme en contacto con eles para que me informasen do xeito de admitir o encargo e botáronse a rir polo sobrecargo que traía desde Europa.

– Vai necesitar bastante prata para que lle entreguen ese ataúde de galiñas –avisoume o empregado.

Pregunteille o seu nome e, despois de oírlo pronunciar e anotalo nun papel, prometín, pronunciando claramente o seu apelido cun sonoro "señor" diante, que lle xiraría de inmediato, de agasallo persoal para el, cendo dores se coidaba da miña caixa. Mudou de ton e asegurou que el mesmo se ía encargarse de enviarnos contra pago en destino a Costa Rica, con entrega certificada en man; engadindo que lle parecía estragar o diñeiro, porque, pola aparencia que tiña, "non máis parecía que alí dentro houbera un barullo de roupa vella".

Unha semana despois, o mozo da furgoneta de reparto de paquetería do hotel achegouse onda min e anuncioume que traía algo increíblemente grande para entregarme. Acompañeiño deica o coche e cando abriu o portón traseiro fíxeme entalada, porque alí había un enorme caixón de dous por dous por un que ocupaba por enteiro o espazo traseiro da furgoneta. Nun dos laterais, ben distinguishible aínda, coa letra de Hansem, comovínome ata as bagoas ao recoñocela, estaba escrito o meu nome e o enderezo que puxera en todas as cartas que lle enviara desde Berlín. Desde alí localizaran o noso apartado postal en Lima e remitiran o envío con precisión xermánica.

– Non pode ser certo, non pode ser certo – suspirei asustada.

Hansem mandaba no interior daquel despropósito que recorrera medio mundo, todos os cadernos que durante anos fora, cunha disciplina conventual, escribindo e debuxando. Alí estaban as historias que inventou nas cidades que el habitara, aquelas que percorreu á velocidade dunha tartaruga meticulosa e observadora. Alí había, como mínimo, oitenta cadernos de letra clara e miúda, de anotacións, de apuntes, de reflexións e diálogos que recollían devagar como chegara a cada un dos lugares; con

quen viaxaba e as conversas que mantiña. Tamén varios cadernos de relatos e catro ou cinco novelas. Ollei os debuxos das casas que ocupara, as persoas coas que compartira a vida e outros seres anónimos, a maioría sen nome, acompañados só cunha data e a cidade onde os creara. Volvín ver os meus retratos de había vinte anos. Aqueles cadernos eran a obra segreda dunha existencia, a topografía da vida do vello Hansem. Lendo souben que tiña fillos, tamén algún libro publicado de viaxes e outro de fotografías de África. Que Laiam era fillo dun fillo de seu, morto había anos de SIDA. Lin, nunca falara diso, que loitara na guerra mundial, no fronte ruso, nunha compañía danesa. Había un debuxo, un autorretrato, no que aparecía irrecoñecible, tan novo estaba, vestido co uniforme das tropas de asalto, unha metraladora na man e unha cruz gamada no casco. Debaixo do debuxo el mesmo escribira: "Eu con dezoito anos en Denyask. Copio de memoria dunha foto que rachei hai anos avergoñado de vestir ese uniforme. O tempo fai cicatrizar algunhas feridas da memoria, penso que redimín o meu pasado, se iso é posible. Aínda que seguirei penando ata que morra".

Lin e lin sen parar durante días. Os cadernos parecéronme un delicado territorio inexplorado, un mapa humano de adxectivos, verbos, nomes e sentimentos que describían o cosmos que residía naquela encerellada cabeza de abundante pelo branco. Puiden imaxinar polos relatos a Hansem de meniño, aos seus pais. Souben dunha escola illada no páramo danés que arrepuñaba coa disciplina mineral da vara de bidueiro, do frío estrelar das chairas de Rusia, dos estoupidos con que bruaban os canóns na neve. Coñecín o medo atroz a morrer, a textura adolescente dun tacto tímido agarimando o corpo dunha amiga, a loucura adulta de amar a mulleres que

saíran das entrañas do mesmo universo que pariu o paraíso. Vivín as súas noites febrís de lecturas encanadas en libros de incontables páxinas. Participei do paradoxo de verse repetido no espello dos fillos, que o condenaban a ser eterno e melancólico. Da súa peregrinase, que rematara nunha aldea mariñeira, nas praias do fin do mundo, en Bordeira, onde eu o atopei.

Lin do seu desexo sobre min que o atormentara, dos nosos encontros e cópulas, dos celos, que eu coidaba inexistentes; da dor e a soidade que deixei na súa vida cando me obrigou a continuar, a desaparecer. Anotara as desculpas de non saber ser doutra maneira e da imposibilidade de selo. Nunha bolsa entre os cadernos apareceu a máquina de vídeo que eu lle deixara de agasallo a Laiam e unhas imaxes de película gravadas nun disco. Collín o disco, introducino no reprodutor que había nun pequeno cuarto que facía de biblioteca do hotel, detrás da recepción, e premín o botón de inicio. As primeiras secuencias eran da vila, uns planos lentos das fachadas das casas e as camelias en flor. Non se miraba a ninguén, semellaba un lugar máis deshabitado que abandonado. Nos planos vindeiros aparecía a praia, infinda como a lembraba. As ondas, grandes e redondas como lombos de baleas, deitaban na ribeira unha resaca profunda de gaveiros. Un orballo salgado de po de xerfa cubría todo e a figura de Hamsen emerxía ao fondo, camiñando espido cara a cámara, achegándose. Tremín ao albiscalo, erguinme da cadeira sen arredar a mirada da pantalla, pechei as mans.

– Hamsen! – suspirei.

Un primeiro plano amosaba o seu sorriso grande, os ollos de pupila gris, avermellados polos cantos humedecidos. Esculcaba eu os estragos do

tempo no seu fermoso rostro e, de súpeto, el dixo algo, fixo un comentario á persoa que filmaba. A máquina non recollera o son da súa voz. Detiven a gravación. Deille para atrás e repetín as derradeiras escenas. En que falaba? Se fose alemán, portugués ou inglés coido que sería doado de entendelo. Ó mellor só era unha indicación a Liam, quen seguramente estaba filmando. Non tiña porque ser nada importante, esforceime en crer. Mais aconteceu algo sorprendente, Hansem pousou os beizos no obxectivo da cámara e acenou un bico. Logo todo se precipitou. A cámara seguía a gravar a Hansem, que marchaba contra o mar, e que, camiñando tranquilamente, penetrou nas ondas, que xa comezaran a bater contra o seu corpo. Seguiu camiñando ata que a auga cubriu o seu peito enteiro, chegoulle ata a barbadela e entón dun pulo afundiuse desaparecendo.

– Non! – berrei encollendo os brazos sobre o peito –. Hansem, por favor, non.

Durante uns minutos a cámara fixa gravou o mar no que se afundira e no que só aparecían ondas que devoraban a outras ondas, as que, asemade, intentaban escapar da trabada das que viñan detrás e xa tiñan enriba. A frase indescifrable de Hansem fora un adeus, unha despedida. Saín do hotel, baixei á praia e encamiñeime ao bar da mariña. Saudei a algúns coñecidos e senteime nun tallo do bar de Tomás, un rapaz mexicano poeta que me invitaba a tragos de tequila. Algunhas noites, algo pasada de grolos, contáralle andanzas da miña vida. Tomás degoiraba viaxar a Europa comigo e vivir en Londres.

– Estás ben? Nótote un pouco cansada. –preguntoume.
– Estou melancólica e lembrona –respondinlle
– Que ben, empeza a largar, son todo ouvidos.

Cantos anos había que marchara de Bordeira? Dezaseis anos. Xa pasaran dezaseis anos. Eu daquela tiña corenta e dous, Hansen sesenta e catro e o neno oito. Laiam tiña que ter agora, polo tanto, vinte e catro. Sen dúbida fora el o que filmara o suicidio, tiña que dar con el, atopalo. Calculei a diferenza horaria con Portugal e pregunteille a Tomás se podía pasar dentro da barra a navegar un intre no seu portátil. No buscador localicei en Bordeira o bar de Catarina, procuraba o seu número de teléfono; xa daquela era o teléfono que utilizabamos para chamar e recibir recados. Hansem nunca quixo ter teléfono na casa, recuaba de móbiles, ordenadores, televisores. Coido que odiaba todo o que non estivese escrito, pintado ou debuxado sobre papel. Anotei o número, tirei o meu móbil do bolso e premín as teclas. Durante uns segundos oíuse o chifre de chamada e logo unha muller descolgou o teléfono noutro lado do mundo.

– Catarina, es ti? Son Ana de Hansem. Lémbreste de min, Catarina?

Houbo un silencio prolongado de anos que aconteceran, unha alongación da distancia tremenda que estaban a recorrer as nosas voces. As miñas preguntas escaravellando no cerebro de Catarina tentaban entrar neses caixonciños nos que almacenamos os acontecementos dos sucesos vividos; ou, tal vez, había un esquecemento cruel de pano de cociña que limpaba as migallas na mesa das lembranzas.

– Ana?... Aniña! Por Cristo bendito! Laiam dixo que habías chamar, que non sabía cando, mais que habías chamar. Meu Deus! Canta razón levaba. Eu xa perdera a confianza, Aniña, miña filla, estou chorando.

– Catarina, escoita, onde anda o Laiam? Está aí con vós? Teño que falar con el.

– Aníña, Laiam, marchou pouco despois de morrer Hansem, hai dous anos, e non volveu por aquí. A casa está pechada dende a morte de Hansem. Laiam deixou unha chave para ti aquí, para cando volveses, dixo que a casa agora é túa. Olla, uns días antes de afogar, Hansem veu xantar con nós e entregoume un sobre, insistiu que cho dese cando regresases. Confesoume que estaba certo que habías volver.

Dous anos, pensei, dous anos leva a caixa dos recordos intentando atoparme. Tomás seguía servindo ron aos turistas e cada vez que pasaba onda min interrogábame coa mirada.

– Non é brasileiro iso que falas, verdade? –preguntou.

– É portugués –, respondínlle sen afastar o teléfono da orella –. Catarina, oes, estou en América, mais regreso cando poida, oíches, dentro dunhas semanas ou un mes como moito, mais regreso a Bordeira, entendiches? Regreso.

– Con quen falabas? Que era tan urxente? –inquiriu Tomás.

– Xa cho contarei, mais quero que saibas que regreso a Europa.

– Agarda, agarda, tesme que levar contigo a Europa, por favor, tesme que levar. – Xemía Tomás axeonllado no chan, diante da barra rebordada de sorprendidos turistas.

– Está ben –, respondínlle –avisareite.

Regresei ao hotel pola area da praia, trazando descalza un rumbo de derrotas entre as palmeiras. Había parellas bicándose contra os troncos derrubados dalgunhas árbores e nenos que xogaban ao fútbol. Fixérase case de noite e as voces dos hóspedes do hotel resoaban lonxe no comedor. Era a hora da cea nos “resorts”. Achegueime á beira do mar, espinme e avancei. Resultábame imposible non pensar en Hansem. Camiñei ata ficar

mergullada, sen respirar, cos ollos abertos aboiando entre dúas augas, esculcando a lene claridade das luces na superficie do océano, enriba da miña cabeza. Din un pulo na area do fondo e emerxín arfando un profundo salouco de mágoa. Nadei ata as boias que sinalaban a zona de seguridade. Pendurei o meu corpo, cos brazos apoiados no cabo que unía as boias que limitaban as zonas dos baños, deixándome abanear pola marea, mirando a escuridade absoluta do horizonte. Nadei de novo cara a ribeira, senteime na orela do mar e sequei por riba o pelo coa camiseta. Funme mudar ao meu alboio. Vestida cun pantalón, unhas sandalias e unha blusa entrei no hotel polo vestíbulo principal, saudei a miña compañeira Nélida na recepción, e metinme outra vez na biblioteca. Tirei o disco do bolso e púxeno de novo no reprodutor. Collín unha botella de tequila da barra do bar, situeina nunha mesa auxiliar preto da butaca na que me sentei, servin un grolo no vaso, apaguei a luz do cuarto e na escuridade observei de novo as imaxes. Cando o disco chegou ao seu remate fiqui a escuras debullando as decisións que tiña que tomar, os pasos que debía dar. Deitei a cabeza no sofá, pechei os ollos, e unha voz soou as miñas costas.

- Era moi amigo teu ese home?
- Máis que amigo - respondinlle -, neste intre non atopo palabras que me enchan para definilo. Canto tempo levas aí? - engadín.
- Desculpa, case dende o comezo das imaxes. Tal vez non tiña dereito a estar aquí, pregunteille a Nélida e díxome que entrarás na biblioteca, a porta estaba entornada, entrei silandeiamente coidando que durmías, había escuridade e mireite enlevada esculcando o filme. Si realmente sucedeu o que mirei aí, é moi duro iso que aconteceu nesa praia.

Erguinme da butaca e fun onda a entrada da biblioteca, de pé apoiado na porta pechada estaba Tom Silk, un xudeu americano, hospede senlleiro, vello coñecido dende a miña chegada ao hotel, acompañante nalgunhas das miñas noites de libranza.

- Teño que falar contigo, por que non collemos o teu coche e nos vamos a tomar unha botella ao Oldless? – Aventurei para que me levase a algún sitio.
- Só, se me contas a historia dese home.
- Por que? Pensas que tes dereito a oíla? – censureille o atrevemento.

Collemos a estrada da capital, fixemos un desvío a poucos quilómetros e dirixímonos cara o norte. Levounos unha hora chegar a un pequeno porto mariñeiro, cun recheo e peirao que percorremos ata o final. Aparcamos o vehículo para embarcar nun veleiro amarrado a un pantalán, cunha garita de seguridade na entrada. Saudou ao garda e embarcamos, abriu o tambuche, prendeu as luces e o motor, e saímos do porto navegando, rodeados dun apagado silencio de morcegos voando arredor do mastro. Ao lonxe albiscabamos unhas luces que tremelucían. Animoume a que entrase na cociña, que fochicase na neveira e nos armarios e collese o que me gorentase para argallar unha cea na cuberta. Ao chegar preto da costa arriou o rizón, prendeu unha lámpada da cruz do mastro que alumeou todo o barco e colocamos uns coxíns na proa cunha bandexa no centro e varias botellas de viño.

- Ímola coller melancólica – asegureille.
- Por que non me falas dese home? – preguntoume ao tempo que me ofrecía unha torrada con queixo.

Non sei por onde empecei a contarlle, pero falei sen parar, e sen preguntas de Tom, das nenas que deixara en Compostela, de Carlos; da viaxe en estado letárxico, da chegada por casualidade a Bordeira, dos anos con Hansem; da miña vida en Berlín e en Amsterdam. Logo calei, asomeime a varanda do barco e trousei un pouco de viño e comida pola borda. "Estou ben, non te preocupes. O pasado a veces marea". Asegureille a Tom. E comecei de novo a falar, esta vez só de Hansem. Faleille do pelo de Hansem, das mans ao secarme e dos seus brazos cando me apertaban. Dos ollos de irís gris e da súa mirada que tinguía o océano de grisallento vendaval, cando se nos viñan enriba os cairos dun alonxado mar oceánico; de como cruzaba as pernas ao se sentar e as conversas con Catarina no restaurante. Dunhas gafas e dun caderno permanentemente nas mans. Moi lonxe de nós, no cabo do mar, estaba amañecendo. Entón, conteille dos cadernos e dos debuxos; que todo Hansem estaba alí metido, naqueles libros de pasta dura e papel barato que o rapaz me enviara para condenarme ao destino certo de amarrarme á vida de Hansem para sempre. E que o primeiro que tiña que facer era sacalos de Costa Rica, se non a humidade e a traza acabarían con eles. Faleille da carta que me agardaba en Bordeira e da miña intención de seguir o mesmo camiño cos cadernos ata miralos nas librerías. Agora, o primeiro, o urxente, díxenlle, é atopar unha casa nalgunha cidade para gardar os cadernos; un lugar onde eu poida traballar neles e buscar xente ou centros, institucións, que amosen interés en dalos a coñecer, expoñelos, e no que tamén poida atopar un editor para publicalos. Estaba ilusionada e era vehemente transmitíndolle a Tom os meus plans. El ergueu unha man para mandarme calar. Soamente

dixo: "Teño unha casa en Londres, podes dispor dela para o que queiras". E foi a voz quen o traizoou; que paifoca fora, como non me dera conta.

- ¡Ou, non, Tom! – funguei – estás namorado de min. Meu Deus! Non agardabas esta derrota. Como puideren ser tan insensible e cega? Non me podes facer isto. Coidaba que era apenas un divertimento, sen máis lerias, Tom, sen a paixón enfermiza dos celos, dos nos ben zocados, das dependencias. Grazas, Tom, en serio, estouche tan agradecida e quero que saibas que es a persoa que máis amo – díxenlle pasando os brazos arredor do seu corpo -, non quixera que sufriras, mais non hai volta atrás, Tom, nunca as houbo na miña vida. Cando arranxe o do hotel, non me vou despedir sen que atopen outra persoa, desaparezo.

Tom insistiu no da casa de Londres, que non me quería perder de todo; foi indulxente, compasivo, firme, ata que aceptei. Londres era unha das cidades perfectas e agradecínllas. Describíume un piso enorme en Belgravia, case baleiro de mobles e que el amoblaría para min, sería a desculpa necesaria para vires a Londres de cando en vez a mergullarse na miña vida, da que non se quería arredar.

- Non sabía que foras tan rico? – interroguéino.
- Os cartos son só unha desculpa- tranquilizoume.
- Vaia, así que es un marabilloso cínico rico – e rin dándolle un bico

Aceptei as condicións sempre e cando non coutara as miñas decisións nin me impedira facer absolutamente nada do que eu decidira emprender. Avisei a dirección do hotel da miña necesidade de deixar o traballo e que comezasen a buscar outra persoa, pedínlles quince días de prazo. Mentres tanto, lía os cadernos. Lía nos intres devalados do traballo, cando a

recepción do hotel naufragaba nas gándaras da sesta; lía polo serán, deitada na hamaca, baixo as palmeiras da praia e sentada nos tallos do bar de Tomás. Foi o único ao que me dediquei eses quince días de despedidas e lecturas. Tom estaba en Nova York e dende alí, avisoume, voaría a Londres para agardarme. Por primeira vez dende que abandonara ás nenas e a Carlos íame mover por unha causa allea ao meu infatigable nomadismo á rapañota. Que raro facíase-me pensar que regresaba a un escenario de obrigacións alleas ao meu propio devir; que unha vez comezada a tarefa que ía iniciar non podería abandonala para mudar a outra cidade, para seguir, por exemplo, a un home que me aventase a paixón, ou para apagar o proído da miña conciencia cando cansara dun sedentarismo disolvente. Empaquei de novo os cadernos e reenvieinos a unha consignataria de Londres. Quedei co disco da película, non podería aturar que se perdesse ou danase, fun gardando ou agasallando as miñas pertenzas e merquei dous billetes de avión para Lisboa. Tomás aínda non cría estar comigo alugando un coche na Avenida da Liberdade para írmonos xuntos a Bordeira. Entramos na da Catarina a hora do xantar, uns cantos paisanos estaban sentados nunha mesa diante do televisor. Catarina fíxonos entrar no comedor familiar. Levábame amorosamente collida polo van, preguntando se Tomas era o meu fillo, enchéndonos de bicos, “porque non sabes o mal que o pasamos coa morte do Hansem, Ana, para min era máis ca un irmán, sabes? Aquela forza espiritual que tiña, prégolle todas as noites”. Tirou dun chineiro unha caixa de cartón na que gardaba decenas de fotos e comezou a peneirar aquelas nas que estaba Hansem. Nos seus primeiros tempos; cociñando xuntos; en Lagos, no mercado; e así a tarde enteira, esgotando os recordos e renovando, dúas mulleres case da mesma idade, a súa fe na

vida. "A vida é o único que temos, Aniña". Entregoume o sobre coa carta e a chave da casa repetíndome, unha vez máis, que Liam, dende que marchara, non dera novas do seu paradiro, que lle parecía imposible que nin sequera chamase. Tranquiliceina asegurándolle que me ía dedicar a buscalo. Pedinlle a Tomás que me deixara entrar soa na casa, que mentres tanto fóra recorrer o sendeiro ata a praia, que me dese algo de tempo, que o necesitaba. Quería sentarme na mesa de Hansem e deixar devalar a luz trala xanela coma se o tempo non tivese transcorrido. Sentada abrín o sobre sen nome e lin: "Parece coma se ti e eu fosemos dúas persoas que se perseguen ensarilladamente. É na desaparición onde está o sentido da nosa propia seguridade, da túa e da miña. Arrastro a sensación dunha catástrofe agochada e teño que procurar algo aí fóra". O resto dos papeis eran un documento notarial no que eu figuraba como propietaria da casa. Arredei o sobre de min, cravei os cóbados na mesa, apoiei as fazulas nas mans e, pechando os ollos, propúxenme materializar a vida de antano, os sons das nosas voces e os ruídos cotiáns que faciamos, quería recuperar a sensación da man de Hansem recorréndome as costas, mais non fun capaz. Durmimos na casa de Bordeira aquela noite. Embarullada nas mantas da miña cama, porén, soñaba coas miñas fillas. Tomás abaneoume ata que espertei.

- Que acontece? - preguntelle enchoupada en suor.
- Tiñas un pesadelo - contestou -, estabas berrando durmida.

Regresamos a Lisboa para embarcar no voo da noite para Londres. Tom recolleunos en Heathrow e ocupamos un piso practicamente baleiro. Tom quería instalarnos uns días nun hotel, mentres non chegaran os primeiros mobles, pero negámonos e argallamos unha solución de colchóns polo chan e roupa estrada por tódolos recunchos. Os meses a seguir foron un traballo

tenaz enriba dos textos e cadernos de Hansem, un non parar de entrevistas e visitas a editores, museos, e mecenas culturais, acompañada dunha recuperación dos meus hábitos máis urbanos e un sorprendente achado das comodidades dunha plácida e disciplinada vida burguesa; tamén dunha implacable pescuda de Liam, que non obtivo resultados. Tamén había retornos puntuais á casa de Bordeira, a onde sempre ía soa. Eran sagrados para min aqueles respiros naquela casa illada, na proximidade do silencio máis puro, o máis preto que eu estivera nunca de min mesma. Tomás desapareceu, vampirizado pola necesidade de sentirse enfermo de soidade, e as derradeiras novas que recibín del consistían nunha foto no correo polo meu aniversario dende a illa de Lesbos. Todo é ordenadamente caótico e cíclico. Eu tiven que chegar ta unhas selvas descoñecidas para que o vendaval herdado de Hansem me devolvese ao meu orixe. A casa que agora habitaba era o centro do labirinto que tanto buscara. Tomás, arrastrado pola búsqueda, semellaba poseído polo destino de náufrago que acompañara a Ulises, e recollía o meu relevo na súa persoal procura do seu Hansem. E, de repente, cando se ía cumprir o meu segundo cabo de ano de desembarco en Londres, os acontecementos adquiriron unha velocidade que me sorprende, para a que non estaba preparada. Comezou cunha chamada de Gordon Law, director do suplemento do Guardian Review, para comunicarme que a editorial Random House estaba interesa en publicar os relatos de Hansem en dous volumes e que eles ían dedicarlle as páxinas centrais do seu vindeiro número, que necesita que lle mandase algunhas fotos para ilustrar o artigo. Ao vindeiro día, luns, o aviso era da revista Time Out. Querían dedicarlle a Hansem a portada do mes de abril, coincidindo coa inauguración da exposición. “Que exposición?” – pregunteille. “Pero,

aínda non está informada? – respondéronme - A Tate está preparando unha exposición dos cadernos de viaxe que vai estar todo o verán aberta”. Comuniqueilles que xa falaríamos e senteime a dixerir o asombro, o pouco tempo que me deixaron antes de que soara de novo o teléfono. Era unha chamada da New Tate para preguntarme se me ía ben achegarme aquela mañá polo museo, para unha entrevista cos membros do equipo de traballo que se ía encargarse de levala adiante. Finalmente, a exposición inaugurouse en maio, cunha portada no Time Out: un primeiro plano atravesado polo encabezamento: “Hansem Sorensen conquista Londres”, que dubido fora do seu agrado. A antoloxía dos relatos saíra un mes antes.

O día da inauguración, antes da cerimonia, recorrín as salas comentando con Catarina, que por primeira vez na súa vida saíra de Bordeira, que todo estaba alí: os mapas e rueiros; as fotos cos pés identificadores; os poemas, os diarios e os lapis, as ceras e os óleos; ata a película se proxectaba co final censurado, cun Hansem sempre vivo, xa que o filme, cando Hansem pousaba o bico no obxectivo da cámara volvía comezar nun bucle eterno. No intre dos relatorios, diante dun público numeroso que enchía o local, eu xa estaba esgotada ante de falar. Deixáranme para o final, despois dos críticos, os comisarios e os promotores. Creo que dixen, estaba nerviosa, que a figura de Hansem e a súa obra agrandaríase co paso do tempo, e que a espiritualidade humana, mestura do medo e do amor, coa roupaxe da soidade e o estrañamento por riba, eran as cicatrices máis salientables do seu traballo. Aplaudíronme, coido que porque fun breve. Viñéronme felicitar e deume tempo de chorar un chisco. Un home novo, no medio barullo, apertoume máis forte cós outros abrazos e confesoume: “O vello botábate de menos”. Non me fixo falta miralo, deitei a miña cara no seu peito e

suspirei: "Laiam, Laiam...". E nese intre comezou a soar o móbil, ao tempo que Catarina se penduraba do rapaz mudado en xigante. De inmediato pensei nunha chamada de Tomás. "O que faltaba neste encontro" –, murmurei ao albiscar na pantalla un número descoñecido.

- Diga? – preguntei.

- Mamá – respondeume unha voz que me viña perseguindo por un túnel de anos dende unha casa en Compostela –, estamos aquí arriba, na cafetería, agardando por ti.

- Como? – insistín.

- Mamá, óesme? Papá, Luísa e mais eu levamos aquí unha chea de tempo, cando vas subir?

Collín a Laiam pola man e díxenlle que regresaba axiña. Fun onda os ascensores e subín ao derradeiro andar. Cando cheguei recoñecinos axiña, estaban exactamente igual que cando os abandonara. Achegueime onda eles. As nenas preguntáronme se me gustara a exposición na que pasara toda a mañá, e se xantara naquel restaurante tan bonito da cafetería onde nos atopabamos, amosándome as larpeiradas que lles mercara o seu pai nun dos quioscos que instalaran abeirados a ponte peonil do Milenio.

- Nós comemos na Praza de Trafalgar–aclaroume Berta.

- Paréceme que non comín – respondinlles –. Levo unha vida enteira na exposición dese home – confeseilles.

- Que tal se nos poñemos en marcha – apurounos Carlos – só temos catro días e aínda nos queda moito Londres por visitar. Carme e Xaime están a agardar por nós nas escadas de Picadilly.

Ao abandonar a cafetería, o longo espello que cubría a parede que había detrás da caixeira que cobraba, devolveulle a miña ollada a cara da muller

que se arraxaba no baño antes de escribir unha carta de despedida, gardar a equipaxe no maleteiro, xirar a chave da posta en marcha e poñer un CD de Tom Waits no reprodutor de música do coche, para comezar unha viaxe sen retorno.

Atravesabamos a Ponte do Milenio cara á Catedral de San Pablo camiñando entre unha multitude que se cruzaba coma se foran carreiros de formigas desfilando en sentido contrario. Parei de andar, virei a cabeza e esculquei o enorme cartel negro con letras brancas pendurado da cheminea da Tate:

HANSEM SORENSEM.

1948 – 2008.

BITÁCORAS DUN MARIÑEIRO SENTIMENTAL

Detrás miña a fileira de xente agardaba nerviosa por reiniciar a marcha.

- Por favor – pediume o home situado ás miñas costas –, podería vostede continuar?
- Si, claro que si – respondinlle.

E apurei o paso para recuperar o ronsel das nenas.

UNHA VIAXE DE INVERNO.